

# FORVIA FACILITA O ACCESO Á DOAZÓN DOS SEUS TRABALLADORES E TRABALLADORAS

A empresa ourensá Forvia recibirá o mércores 17 de xuño a visita dunha unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) que estará estacionada dentro do recinto da empresa das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas para facilitar a doazón de todos os traballadores e traballadoras.

Forvia acumula 2.379 doazóns de sangue desde 1995, ano no que comezou a acoller as campañas de doazón da Axencia. Desde a ADOS trasladar o noso agradecemento, tanto á dirección de empresa como aos seus traballadores e traballadoras, pola súa colaboración no desenvolvemento de iniciativas destinadas a fomentar a doazón de sangue.